# Grupos e agrupamentos

## Grupos e agrupamentos

Moodle permite organizar aos alumnos en **grupos e agrupamentos** dentro do curso ou en determinadas actividades.

O **uso de grupos e agrupamentos nun curso** resulta moi útil cando temos moito alumnado, xa que permite:

- O seguimento das achegas do alumnado por grupo.
- A titorización de cada grupo por un docente.
- Organizar unha actividade colaborativa e avaliala individual e colectivamente (nota do grupo)

O **uso de grupos e agrupamentos nunha actividade** vai permitir:

- Definir conxuntos de grupos.
- Restrinxir o acceso a unha actividade por agrupamento.

Lembrade que é preciso **habilitar o traballo con grupos** no bloque de "Administración do curso" en "Editar configuración":




Licenza: Dominio público

# Crear grupos

Para crear un grupo:

1.- Na pantalla de xestión de grupos, premer "**Crear Grupo**".






Licenza: Dominio público

2.- Editar a pantalla de **configuración do grupo** creado, onde poñeremos, como **mínimo, un nome** ao grupo:






[Licenza: Dominio público]

3.- **Engadir usuarios** ao grupo:




Este grupo foi creado para as persoas que sexan adminitradoras da aula virtual e así poidan acceder as tarefas dos módulos "Instalación do Moodle" e "Configuración da aula virtual"
Membros do grupo
Roles múltiplos (4)
Claudio Alonso Garcí
Cristina Díaz (cbusch
Manuel Pacior (manu
Ana Belén Veloso Ro
◄ Engadir
Eliminar ►
Membros potenciais
Teacher (1)
May Senra Martul (se
Student (2)
Amparo Bermúdez G
proba proba (proba@
Roles múltiplos (8)
Alberto Asensio Cam
Uxía Díaz García (uxi
Belén Leirado Martíne
José Antonio López C
Antonio Mon Cortés (
Profesor Proba (nonre
Paula Toimil Loureiro
Jose Ángel Vázquez
Membresía dos usuarios seleccionados:
Para engadir, se selecciona un usuario da lista de membros potenciais e prememos Engadir.
Para retirar un membro do grupo, o escollemos na lista de membros do grupo e prememos Eliminar.
Buscar
Limpar
Buscar
Limpar
Nesta pantalla escolleremos, dos usuarios matriculados, aqueles que formarán parte deste grupo.




Licenza: Dominio público

# Actividade colaborativa

Moodle proporciona dous tipos de actividades colaborativas:

- **Tarefas realizadas entre todos o alumnado pero avaliadas individualmente**, por exemplo, un glosario. O glosario se constrúe entre todos pero se avalía a cada alumno pola súas achegas. Neste caso non son necesarios os grupos.
- **Tarefas grupais**, **que poden ser avaliadas por grupo ou individualmente**. Por exemplo, unha wiki que se vai facendo entre os membros dun grupo. Poderase avaliar cunha nota por grupo ou individual. Neste caso sí son necesarios os grupos.

# Crear agrupamentos

A automatriculación facilita o traballo do profesorado xa que delega a matriculación no alumnado do curso. Sen embargo, é preciso igualmente:

- **Asegurarnos que estén dados de alta na aula virtual** para que poidan iniciar sesión no Moodle e acceder a automatriculación do curso. *De non ser así, poñernos en contacto cós administradores/as da aula virtual para que procedan á súa alta*.
- **Crear unha instancia de automatriculación** na que se incluirá, por exemplo, un contrasinal para que non poida matricularse calquera que pase por alí, etc.




Licenza: Dominio público









Se escollemos a automatriculación teremos que crear unha instancia onde poderemos incuir un contrasinal, o tempo de matriculación, número de usuarios, etc...




Licenza: Dominio público




Licenza: Dominio público

- **Notificar ao alumnado** o contrasinal de matriculación, tempo de matriculación, etc. O usuario terá que acceder á aula virtual, pinchar sobre o enlace do curso e ahí terá a opción para matricularse.






Licenza: Dominio público

# Vista xeral

## Tarefas en grupo, cuestións xerais

Nas tarefas grupais, cando un participante dun grupo sube á plataforma un traballo premendo **"Editar o meu envío"**, pásase ao **estado de "Versión preliminar"** e todos os membros do grupo poden ver, modificar e volver a subir ese traballo.

Como profesores podemos ver as versións preliminares, entrando na tarefa e premendo "Ver/cualificar todas as entregas":



Resumo das cualificacións

| | |
|---|---|
| Grupos | 3 |
| Versións preliminares | 1 |
| Entregada | 0 |
| Data límite | Sábado, 30 de Novembro do 2019, 00:00 |
| Tempo restante | 6 días 14 horas |



Licenza: Dominio público






Licenza: Dominio público

Cando no cadro anterior prememos, como docentes, na **cualificación** dun alumno, imos ter sempre, **nas tarefas grupais, a opción de dar a mesma nota a todos os membros do grupo, ou non**.




Licenza: Dominio público

*Podes ver exemplos de configuración de tarefas grupais no apartado de Recursos deste módulo.*

Lembra que para **acceder á configuración dunha tarefa**:






Licenza: Dominio público

# Entrega colectiva

Se queremos crear unha tarefa e **permitir unha única entrega de grupo**:

1. Teremos que por a "Sí" a opción "Alumnos que entregan en grupos"
2. Por a "Non" a opción "Requerir a entrega de todos os membros do grupo".






Licenza: Dominio público

# Nota de grupo

## Reflexión

Xa que existe unha única entrega do traballo de grupo...

Mesma nota para todos os membros do grupo?

O certo que aínda que a entrega do traballo poida levala a cabo un único individuo, os demáis poden e deben colaborar na realización da tarefa, de modo que queda a criterio do docente valorar se a participación foi equitativa (a nota colectiva podería ter lugar) ou non.

# Entrega individual e agrupamento

Cando queremos facer unha **tarefa grupal pero que cada alumno faga a súa propia entrega**, entón:

1. Teremos que por a "Sí" a opción "Requerir que os alumnos preman no botón de entrega" (Configuración de entregas)
2. Teremos que por a "Sí" a opción "Alumnos que entregan en grupos" (Configuración de entregas de grupo)
3. Por a "Sí" a opción "Requerir a entrega de todos os membros do grupo". *As dúas opcións anteriores deben estar a "Sí" para poder modificar esta opción.*






Licenza: Dominio público

## Restrinxir por grupo

Haberá ocasións onde nos interese **crear actividades diferentes para diferentes grupos**.

Entón é necesario poder **restrinxir o acceso a unha actividade ao grupo ao que vai dirixida**, de xeito que os outros grupos non poidan acceder a ela.

1. Teremos que por a "Sí" a opción "Alumnos que entregan en grupos" (Configuración de entregas de grupo)
2. Escoller o grupo de alumnos "Agrupación por grupos de alumnos" (Configuración de entregas de grupo)
3. Escoller o "Modo de grupo", visibles ou separados (Configuración común do módulo)
4. Escoller o agrupamento que inclúe o grupo da actividade en "Agrupamento" (Configuración común do módulo)
5. Forzar a restricción ao grupo marcando o check "Dispoñible só para membros do grupo". *Esta opción non está habilitada por defecto. Os administradores/as da aula virtual poden activala en:*
6. *Administración do sitio/Desenvolvemento/Experimental/Configuración Experimental e marcar "Activar só os membros do grupo".*






Licenza: Dominio público

# Importante!

## Reflexión

É aconsellable o uso de tarefas grupais?

> Dende o punto de vista didáctico, dende logo, para potenciar o traballo en equipo, a colaboración, a negociación e logro de acordos, e a tolerancia.

Cál cres que é o inconveniente?

> Neste caso, **a limitación do propio Moodle**, xa que non permite discriminar as actividades restrinxidas a un grupo no cualificador.

*Unha tarefa cualificable vai a aparecer para todos os matriculados, aínda que a actividade esté restrinxida para un só agrupamento de alumnos.*

Unha posible solución?

Se tes dous grupos, GrupoA e GrupoB, e queres poñerlles tarefas distintas e que sexan cualificables, poderías resolver o tema do seguinte xeito:

1. Creas as dúas tarefas diferentes como opcionais e restrinxidas por grupo.
2. Creas unha tarefa común e cualificable, onde reflexarás a nota obtida por cada grupo/participante das tarefas anteriores.

Licenciado baixo a Licenza Creative Commons Recoñecemento Compartir igual 4.0